
Lonicera ligustrina (var. Yunnanensis) (> L. nitida) Franch., 1896

- chuchamel da China, madresilva etrusca, m. de xardín
- lonicera nítida, madreselva n.
- txilipitxa
-
- Wilson's honeysuckle
- madreselva



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Dipsacales**	**Caprifoliaceae**	***Lonicera***

ORIXE

Suroeste da China.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto compacto perenne, de 1,2 a 1,5 m de altura e 1,2 a 1,8 m de anchura. Os talos están colocados en capas un enriba do outro, dando a aparencia de palleiro. Follas anchas e pequenas (6 a 16 mm de longo), opostas, ovaladas ou redondeadas, de cor verde escura e cunha superficie brillante. As flores, brancas ou cor crema e aromáticas, miden 6 milímetros de longo e medran en pares. Florece a finais da primavera. O froito é unha baga azulada-púrpura moi vistosa, non comestible, duns 6 mm de diámetro que rara vez se forma en exemplares cortados.

HÁBITAT

Medra especialmente preto de cursos de auga (regos, ribeiras de ríos) a altitudes aproximadas de 1200 a 3000 metros sobre o nivel do mar.

DISTRIBUCIÓN

Introducida e naturalizada principalmente en Europa occidental, con presenza confirmada no Reino Unido, Irlanda, Bélxica e outros países europeos onde se cultiva como ornamental.

CURIOSIDADES

O epíteto "nitida" significa "brillante", facendo referencia ao aspecto lustroso das súas follas.